



# **PLAN DE IGUALDADE**

**CPR Santo Tomás**

## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución</b> .....	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Contextualización normativa e do centro</b> .....	<b>4</b>
<b>3.</b>	<b>Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia</b> .....	<b>5</b>
<b>4.</b>	<b>Obxectivos coeducativos que se abordan no plan</b> .....	<b>9</b>
4.1	Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes .....	9
4.2	Prevenção, detección e intervención en casos de violencia de xénero .....	9
4.3	Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual .....	10
4.4	Prevenção, detección e intervención en casos de LGBTIfobia .....	10
<b>5.</b>	<b>Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos</b> .....	<b>11</b>
5.1	Organización do centro .....	11
5.2	Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes .....	11
5.3	Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo .....	12
5.4	Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar .....	12
<b>6.</b>	<b>Seguimento e avaliación</b> .....	<b>13</b>

## 1. Introducción.

---

A pesares da crecente participación das mulleres en diferentes ámbitos (laboral, político, social, académico, etc.) e de logros e avances conseguidos en materia de igualdade, aínda continuamos sendo testemuñas de feitos e situacións cotiás (violencia contra as mulleres, discriminación laboral, mantemento de roles tradicionais no reparto de tarefas domésticas ....) que amosan que falta moito para conseguir esa aspiración de igualdade real que perseguimos, polo que debe acompañarse de cambios ideolóxicos que fagan posible a súa autonomía con transformacións que permitan novos modelos de relacións de xénero.

A igualdade real e efectiva entre mulleres e homes debe ser para toda a comunidade educativa do noso centro un principio básico e un dereito fundamental, que debe ser exercido e controlado diariamente, para estes efectos:

- Nomearase unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Aplicaranse protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Concretaránse os obxectivos coeducativos en materia de igualdade e de educación afectiva- sexual integral, que serán difundidos os distintos membros da comunidade educativa a través dos plans do centro, para a súa información e sensibilización.
- Colaboración con institucións como o CIM do Concello do Porriño, que contribúen ao desenvolvemento deste plan de igualdade, aportando programas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero no centro educativo. Tamén contamos coa colaboración da Deputación de Pontevedra a través da Fundación Diagrama, sensibilizando sobre conductas machistas en todos os ámbitos.
- Promoveráse unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realizaránse actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo).

## 2. Contextualización normativa e do centro.

---

**Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, preámbulo** *“a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas”*

**Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio artigo 1** *“establecese como principio da educación o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”*

**Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio artigo 2** *“o sistema educativo se orientarase a consecución de determinados fins, entre outros a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.*

**Decretos de currículo que desenvolven estes principios**



**I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero** proposto, para impulsar o modelo de escola coeducativa, pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade.

No **Proxecto educativo do CPR Santo Tomás**, onde se define o modelo de centro, dentro do apartado 2 recóllese como obxectivo “Promover nos nosos alumno/as o amor, a xustiza, a liberdade, a solidariedade e a defensa dos dereitos humanos”

No **Plan de convivencia** a promoción da igualdade é a través dun programa de Titoría Entre Iguais (TEI)

### 3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

As 365 persoas que conviven no CPR Santo Tomás están distribuídas da seguinte maneira:



Dende a Comisión de Igualdade elaboráronse tres enquisas adaptadas aos distintos niveis educativos coa finalidade de coñecer as debilidades e fortalezas do noso centro. Ditas enquisas atópanse no Axexo I.

Estas son as respostas emitidas polos profesores/as (EI, 1º e 2º EP) e polos alumnos/as (EP-ESO) ás enquisas realizadas pola Comisión de Igualdade.

### Educación Infantil

A mestra de Educación Infantil de 3 anos reseña a preferencia dalgunhas alumnas na elección da cor rosa, nalgúns xoguetes. En EI todos xogan con todo, aínda que moitas nenas elixen bebés e cociniñas.

En 1º e 2º EP isto non acontece pois non usan ese tipo de xoguetes.

Nos patios (EI e 1º e 2º EP) os/as alumnos/as xogan en grupos mixtos sen observar diferencias por sexo.

Sobre os oficios elixidos, son variados e non responden a estereotipos femininos ou masculinos.

Os/as rapaces/as coñecen a familia tradicional e tamén a composta por un único membro. Non lles chama a atención as familias formadas por parellas do mesmo sexo.

### Educación Primaria

A maioría das respostas mostran actitudes tolerantes e comprensivas coas persoas que teñen orientacións sexuais diferentes. Algúns nenos/as expresan abertamente as súas propias preferencias sexuais. En 3º EP chaman a atención dúas enquisas con respostas intolerantes e sexistas ante as preguntas sobre homosexualidade e transexuais.

En xeral nas enquisas se observa maior descoñecemento nos alumnos/as sobre a transexualidade e o cambio de sexo.

## Educación Secundaria Obrigatoria

### ▪ Respecto á Igualdade de Xénero:

- Non se atopan diferencias significativas no reparto de tarefas na casa entre as nais e os pais.
- Os/as alumnos/as pensan que os medios de comunicación, anuncios publicitarios (colonias) si reflexan roles machistas e estereotipos de xénero.
- Tres alumnos/as si pensan que existen profesións para homes e profesións para mulleres.
- Algún relata que se sinte discriminado na sinatura de Educación Física, pois deben superar probas con marcas diferentes para rapaces e para rapazas.

### ▪ Respecto á Violencia de Xénero:

- En todos os cursos entre 2 ou 4 alumnos/as creen que os celos poden ser indicativos de que lle importa a parella, ou o asumen como algo normal.
- Todos coinciden en describir a situación das mulleres maltratadas como alguén de baixa autoestima, dominada polo medo, condicionada pola protección dos seus fillos/as como circunstancias que lle impiden saír da súa situación.

### ▪ Respecto á LGTBIFobia:

Todos os/as alumnos/as manifestan que teñen amigos/as homosexuais, bisexuais,... e que non lles supón ningún problema integralos no seu grupo. Algúns manifestan a súa orientación sexual. Hai rapaces/as que nos indican que existen outras opcións non contempladas na enquisa como “asexual”, “pansexual”. Observan maior rexeitamento hacia este colectivo nos medios de comunicación. Algúns rapaces de 4º ESO din presenciar algunha actitude de rexeitamento hacia un alumno trans de 2º ESO, no baño, por utilizar os servizos para chicos.



Ademais, debemos ter en conta que contamos xa dende fai anos de varios programas dentro do Plan de Convivencia que fan fincapé nas actitudes positivas para resolver conflitos, que son:

- TEI: Titoría entre iguais
- Aula de convivencia
- Santo Tomás en xogo.

Durante os recreos no CPR Santo Tomás levamos a cabo o programa “Santo Tomás en xogo”. O obxectivo deste programa é que todo o alumnado participe de forma xusta e equitativa dos espazos de xogo, evitando abusos e desigualdades entre alumnos/as. Aínda así, se observamos o que ocorre durante a hora de lecer coas pistas deportivas, máis do 70% das persoas que as usan para xogar ao fútbol ou baloncesto son homes.

Tanto no actual como como no curso pasado, o centro deu resposta á solicitude dunha persoa do centro que, a pesar de non ter recoñecido aínda o cambio de xénero, manifestou unha identidade de xénero diferente á que lle foi asignada no momento de nacer (punto 3.1 do protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero). Establecéronse as medidas de aceptación/respecto no centro e de atención que foron precisas, sempre en exclusivo interese do menor. Toda a comunidade educativa amosou e segue a amosar un total respecto pola decisión deste alumno/a.

No CPR Santo Tomás o fomento da igualdade, o respecto á diversidade e a orientación sexual e a condena da violencia machista, traballase o longo do curso, tanto dende actividades concretas nas titorías como en conmemoracións nas que participa todo o centro.



## 4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan

---

### 4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

#### Liñas de actuación

- Establecer procesos de reflexión no centro encamiñados a desvelar as desigualdades existentes entre homes e mulleres.
- Revisar a realidade do centro dende unha perspectiva de coeducación.
- Analizar co alumnado como se constrúe a identidade de xénero, cuestionando os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias da súa asunción.
- Sensibilizar ás familias sobre o papel que xogan na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Favorecer as relacións de cooperación entre iguais, fomentando a confianza e a empatía e, evitando exclusións, competitividade ou rivalidade.
- Impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.
- Fomentar o uso de linguaxe non sexista
- Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nos diferentes campos da cultura, a política, a sociedade e a ciencia

### 4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

#### Liñas de actuación

- Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visibilización e prevención da violenciade xénero.

- Visibilizar e corrixir os casos de discriminación de xénero, condutas sexistas e inxustizas.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de violencia de xénero que se podan dar no centro.

#### 4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

##### Liñas de actuación

- Establecer prácticas educativas correctoras de estereotipos.
- Formar na autoestima e autonomía persoal do alumnado de maneira que permita relación de xénero respectuosas.
- Propoñer recursos que permitan ao alumnado crenzas alternativas ás tradicionais.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de falta de respecto á diversidade afectivo-sexual.

#### 4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

##### Liñas de actuación

- Formar na autoestima e autonomía persoal do alumnado de maneira que permita relación de xénero respectuosas.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de falta de respecto, intolerancia ou agresión por LGBTIfobia.

## 5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

---

### 5.1 Organización do centro.

- Dar a coñecer o Plan de Igualdade a toda a comunidade educativa a través taboleiro de anuncios e da páxina web.
- Revisar os documento do centro, por si puidese existir linguaxe sexista ou escasa consideración no tratamento da diversidade.
- Potenciar o uso de linguaxe inclusivo, non só a nivel escrito senón tamén a nivel oral.
- Nomear unha persoa responsable do Plan de Igualdade dentro co Consello Escolar.
- Organizar actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e 17 de maio LGBTI).
- Buscar a equidade na representación dos órganos de intervención e decisión (Consello escolar)
- En relación á convivencia potenciar a intervención da xefatura de estudos, titoras e titores e da persoa responsable do Plan de Igualdade na resolución de conflitos, sobre todo, cando na falta cometida poida entrar en xogo a desigualdade entre sexos.

### 5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Analizar co alumnado como se constrúe a identidade de xénero, cuestionando os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias da súa asunción.
- Revisar as programacións e o material escolar dende unha perspectiva de xénero e respecto á diversidade, na que se eliminen reticencias que aínda poidan quedar para comprender que educar en igualdade de xénero é igual de importante que educar en calquera materia.
- Sensibilizar ás familias sobre o papel que xogan na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

### 5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Crear un espazo coeducativo na biblioteca e fomentar a lectura de libros coeducativos.
- Impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.
- Fomentar a participación do alumnado de ambos sexos nas actividades extraescolares.
- Lugar específico de coeducación no taboleiro de anuncios: publicando novas, concursos, informacións, estatísticas sobre violencia de xénero, creacións do alumnado en materia de diversidade afectivo sexual, etc..., para consulta de toda a comunidade educativa.
- Crear un banco de recursos dixitais.
- Enlaces a páxinas ou blogs con contidos de inclusión igualdade e diversidade.
- Crear unha partida no orzamento do centro destinada a fomentar a coeducación ,a igualdade e a prevención da violencia de xénero (adquisición de material, actividades, charlas informativas,...)

### 5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Fomentar a empatía e asertividade na vida do centro.
- Realzar a importancia do bo uso das redes sociais en materia de igualdade e respecto a identidade afectivo-sexual.
- Participamos no programa preventivo de conductas sexistas nas redes sociais a través da Fundación Diagrama
- Programa de Prevención da Violencia de Xénero proposto polo CIM do Concello de Porriño.
- Preparar ó alumnado non só para o mundo laboral, senón tamén para a súa inserción na sociedade, nas relacións persoais e familiares formando persoas con proxectos vitais libres de prexuízos e estereotipos sexistas ou de xénero.
- Pomover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado no centro.

## 6. Seguimento e avaliación.

---

Ao final do curso valorarase:

- grao de consecución dos obxectivos propostos para ese curso;
- resumo das actuacións realizadas;
- dificultades atopadas
- propostas de mellora

Asdo. Amaya M<sup>a</sup> Alcalde Giráldez



## ANEXOS

### EVALUACIÓN INICIAL PLAN IGUALDADE EDUCACIÓN INFANTIL E 1º E 2º DE PRIMARIA

Observas algunha a presenza de estereotipos de xénero ou comportamento sexista na túa aula? Descríbeo.

Observas se os/as alumnos/as da túa aula usan o material lúdico/didáctico da aula de forma diferente en función do xénero? Cales?

Os grupos de traballo/xogo na aula/patio soen ser mixtos ou non? Percibes algún tipo de discriminación?

Pregunta na túa aula que lles gustaría ser de maiores e identifica se escollen oficios “reservados” para homes ou mulleres en función do xénero do alumnado.

Se preguntas na aula sobre os tipos de familia que coñecen, enumeran ou describen algunha ademais da tradicional?

Fala co teu alumnado. Entenden o que é a violencia de xénero? Coñecen algún caso próximo ou real?



## EVALUACIÓN INICIAL PLAN IGUALDADE EDUCACIÓN PRIMARIA

Que te gustaría ser de maior?

Crees que hai profesións que son máis de rapaces que de rapazas?

Crees que os deportistas tanto rapazas como rapaces deberían cobrar o mesmo?

Crees que hai xogos ou xoguetes para rapaces e outros para rapazas? Cales?

Quen realiza as tarefas de casa? Crees que están ben repartidas?

Sabes o que é ser Ama de casa? Coñeces algún Amo de casa? Deberían cobrar un soldo? Cando teñen vacacións as Amas/amos de casa?

Coñeces a algún abusón (neno ou nena que se mete con outros nenos ou nenas) no colexio? Onde o fai? Si o ves Que fas?

Sabes o que é o maltrato? Sabes que hai maltrato físico e psicolóxico?

Coñeces algunha situación de maltrato?

Como é a convivencia na túa casa? ¿Hai respecto entre todos os membros da familia?

Coñeces algún “neno que se comporte como unha nena”? ou ¿Coñeces algunha “nena que se comporte como un neno”?

Si na túa clase houbera algún neno así. Serías o/a seu/súa amigo/a?



Que pensas si a unha persoa lle gusta outra do mesmo sexo? É dicir a unha rapaza outra rapaza, ou a un rapaz outro rapaz.

Se unha persoa non se encontra a gusto dentro do seu corpo que crees que debería facer?

Se un neno ven ao colexio con un vestido, que pensarías?

Se unha nena xoga no colexio ao fútbol, xogarías con ela?

## EVALUACIÓN INICIAL PLAN IGUALDADE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### **I. Igualdade de xénero**

- 1- Que profesión te gustaría realizar? Crees que hai traballos para homes e traballos para mulleres?
- 2- Como é o reparto das tarefas domésticas na túa casa?
- 3- Observaches algunha vez no cole discriminación por sexos?
- 4- Crees que a violencia de xénero é solo física ou tamén verbal?
- 5- Crees que o home e a muller deben ter o mesmo tipo de salario se desempeñan a mesma tarefa?
- 6- Crees que as posturas machistas e sexistas se dan de maneira habitual na televisión e na publicidade?

### **II. Violencia de xénero**

- 1- Como sería ao teu parecer o perfil dunha muller/home maltratados? Por que crees que aguantaron tanto?
- 2- Coñeces algún caso da túa idade concreto no que a moza poida ser maltratada incluso por medio do control?





- 3- Coñeces parellas “tóxicas”?
- 4- Como as describes?
- 5- Crees que os celos deben existir nas parellas? Hai celos bos e malos?
- 6- Que che parecería que a túa parella che vise teu móbil sen o teu permiso para verche o wassap ou as túas redes sociais?

### III. Homofobia (lesbianas, gays, transexuais, travesti..?)

- 1- Como te identificas sexualmente?
  - a. Gay
  - b. Lesbiana
  - c. Transexual
  - d. Travesti
  - e. Heterosexual
- 2- Cantas persoas coñeces que sexan gays ou lesbianas? Terías algún problema en integralas no teu grupo de amigos/as?
- 3- Observaches dentro do cole rexeitamento pola orientación sexual? Si é así, poderías dicirme en que cursos e con que idades?
- 4- Estás de acordo no recoñecemento legal destas parellas?
  - a. De acordo
  - b. En desacordo
  - c. Non teño información sobre o tema
- 5- Estás de acordo con que estas parellas cheguen a adoptar nenos/as?
  - a. De acordo
  - b. En desacordo
  - c. Non teño información sobre o tema
- 6- Presenciaches algún trato vexatorio ou de insultos hacia estas persoas?